



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo) na sesión plenaria ordinaria do 04 de outubro do 2018, aprobou inicialmente o expediente de desafectación do dominio público municipal dun tramo de 140 m² do camín con referencia catastral 27004A099090060000EY (parcela 9006 do polígono 99), para a súa posterior permuta con parte da parcela 104 do polígono 4 nunha superficie de 140 m², ambos na zona de concentración parcelaria de Pousada.

O expediente expónse a información pública polo prazo dun mes mediante edictos no Taboleiro de Edictos do Concello de Baleira e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo , na Casa do Concello de Baleira de luns a venres de 8:30 a 14:30 horas . Durante o mencionado prazo poderáse examina-lo expediente e presenta-las alegacións e/ou reclamacións ó mesmo que se estimen oportunas.

Baleira, 8 de outubro de 2018.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2837

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 05/10/2018, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro do 2018 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 05/12/2018. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co

establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 8 de outubro de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2838

FOZ

Anuncio

Aprobado inicialmente, por acordo do Pleno de data 27-9-2018, o inventario de bens inmoables municipais, sométese o expediente a información pública, durante o prazo de dous meses.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Foz, 8 de outubro de 2018.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira.

R. 2839

O INCIO

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 1/10/2018, aprobou inicialmente expediente de modificación de créditos do orzamento do 2018. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaria deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunase que deberán dirixirse á Sra. Alcaldesa - Presidenta deste Concello.

O Incio, 4 de outubro de 2018.- A Alcaldesa, Laura Celeiro García.

R. 2841

XERMADE

Anuncio

Aprobación definitiva dos expedientes de modificación de créditos núm. 2018/CE/01 e 2018/TC/03.

Tendo sido definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello os expedientes de crédito extraordinario 2018/CE/01 e transferencia de crédito 2018/TC/03, por acordo adoptado en sesión celebrada o 14 de agosto de 2018, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuadas as oportunas modificacións, quedando como se detalla:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
A) OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Gastos de persoal	467.787,90	430.126,21
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.172.119,24	1.209.780,93

3	Gastos financeiros	3.200,00	3.200,00
4	Transferencias correntes	53.800,00	53.800,00
5	Fondo de Continxencia	6.000,00	6.000,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	556.803,13	565.846,84
7	Transferencias de capital	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	5.000,00	5.000,00
TOTAL GASTOS		2.264.710,27	2.273.753,98

O que asino en Xermade, 2 de outubro de 2018.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2846

QUIROGA

Anuncio

Aprobadas polo pleno da corporación, na sesión de carácter ordinario celebrada o día 5 de outubro de 2018, as bases reguladoras e convocatoria de subvencións para rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do núcleo de Quiroga, fanse públicas as mesmas así como a apertura do prazo de tres meses para a presentación de solicitudes.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO NÚCLEO DE QUIROGA.

(PRÓRROGA DO PLAN ESTATAL 2013-2016)

1. Exposición de motivos

Para o desenvolvemento do Acordo da Comisión Bilateral celebrado o 26 de Outubro do 2017, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Quiroga (Lugo) ao abeiro do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013 - 2016, prorrogado durante un ano polo Real decreto 637/2016, do 9 de decembro para o que foi necesaria unha modificación na regulación dos prazos previstos na Orde do 9 de marzo de 2015. O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, constitúen o marco normativo polo que se establecen as axudas públicas en materia de rehabilitación en Galicia.

2. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Quiroga, con cargo ao Acordo asinado polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de Fomento do Alugueiro de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013 - 2016.

A convocatoria realízase polo disposto no Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2017.

En virtude da Disposición transitoria primeira do Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, o 4 de xullo de 2018 asinouse a Addenda para a modificación dos Acordos de Comisión Bilateral relativos ás Áreas de rexeneración e renovación urbanas na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e a súa prórroga.

3. Actuacións subvencionables

De conformidade co artigo 26 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, son actuacións subvencionables a execución das seguintes obras:

- Obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos á normativa vixente.

- b) Obras de demolición e edificación de vivendas de nova construción. Os novos edificios deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exixencias do Código técnico da edificación.

Así mesmo, serán subvencionables:

- c) Os custos dos programas de realoxo temporal dos ocupantes legais de inmobles que deban ser desaloxados da súa vivenda habitual, como consecuencia da correspondente actuación.

4. Requisitos das actuacións

a) Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

b) As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou a memoria elaborada para a súa execución.

c) No caso de realizarse actuacións en edificios de tipoloxía residencial colectiva, será requisito necesario contar co correspondente informe de avaliación, cuxo contido debe axustarse ao modelo tipo previsto no anexo II do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, así como, de ser o caso, co acordo validamente adoptado pola comunidade de propietarios/as ou agrupación de comunidades de propietarios/as referido á execución das obras obxecto da solicitude.

5. Prazo de execución

O prazo máximo de execución da actuación e de xustificación do pagamento das obras será o **31 de decembro de 2019**.

6. Orzamento protexible

As actuacións protexibles incluírán, para os efectos da determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

O custo total subvencionable constituirá o orzamento protexible da actuación e non poderá superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións.

7. Persoas ou entidades beneficiarias

a) Poderán ser persoas ou entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as persoas propietarias únicas de edificios de vivendas ou de vivendas individuais, as comunidades de persoas propietarias, as agrupacións destas comunidades, os consorcios e os entes asociativos de xestión.

b) As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6.2 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

c) Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que concurra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou aquelas ás cales se lles revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

d) Non poderán obter as subvencións deste programa quen se beneficiase, dentro do ámbito da actuación, de axudas do programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal 2013-2016, de conformidade co artigo 28.3 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

8. Contía das axudas

A contía máxima das axudas non poderá exceder do 45 % (35% de aportación estatal e 10% de aportación autonómica) do custo subvencionable da actuación nin poderá superar;

- Ata 15.000 euros (11.000 euros de aportación estatal e 4000 € de aportación autonómica) por cada vivenda obxecto de rehabilitación
- Ata 30.000 euros (aportación estatal) por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida.
- Ata 4.000 euros anuais (aportación estatal), por unidade de convivencia que hai que realoxar, durante o tempo que duren as obras e ate un máximo de 3 anos, para as actuacións de realoxo temporal.

9. Compatibilidades das axudas

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta, salvo que se beneficiase, no mesmo ámbito de actuación, das axudas do programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal 2013-2016, artigo 28 real decreto 233/2013.

Non se poderán recibir axudas para unha mesma obra nas distintas convocatorias de ARRU do Plan estatal de vivenda 2013 – 2016.

10. Solicitudes de subvención

As persoas e entidades interesadas, no prazo de **3 meses** dende a publicación das bases, deberán dirixir a solicitude á Oficina de rehabilitación do Concello e deberase xuntar a seguinte documentación:

- Datos de identificación da persoa solicitante ou, de ser o caso, da persoa representante.
- Documento de propiedade.

No caso de que a persoa solicitante sexa unha comunidade de persoas propietarias ou agrupación de comunidades de persoas propietarias, achegarase ademais:

- Documento acreditativo da súa constitución.
- Documento acreditativo da representación con que se actúa.
- Xustificación da titularidade do edificio.
- Acordo da comunidade de persoas propietarias para a execución das obras e para a solicitude da subvención.
- Relación de persoas propietarias do edificio, con indicación do DNI ou, de ser o caso, do NIE de cada unha, e a referencia catastral de cada vivenda e local.
- Proxecto ou memoria técnica en que se describan as obras que se van executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto no artigo 26 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril. O proxecto ou memoria técnica deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.
- Licenza e/ou autorizacións necesarias para a execución das obras.
- De ser o caso, informe de avaliación dos edificios, conforme co modelo tipo previsto no anexo II do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

11. Procedemento de cualificación provisional das actuacións

1. A Oficina de rehabilitación do Concello, no marco do seu procedemento de convocatoria de axuda, revisará a documentación presentada e, logo dos requirimentos que considere necesarios para completar ou aclarar a documentación recibida, ditarán resolución denegatoria das solicitudes que non cumpran os requisitos. Respecto das solicitudes que cumpran os requisitos, a Oficina de rehabilitación do Concello elaborará unha proposta de cualificación provisional que remitirá á correspondente área provincial do IGVS. Esta proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa solicitante ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido e o prazo de execución das actuacións. A esta proposta deberá xuntarse unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos esixidos polo Plan estatal 2013-2016, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.

2. A persoa titular da correspondente xefatura territorial do IGVS ditará unha resolución sobre a cualificación provisional. A resolución pola que se outorgue a cualificación provisional conterá a identificación da persoa solicitante, describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido e o prazo de execución e de comunicación do remate das obras.

Serán causas de denegación da cualificación provisional, as seguintes:

- a) Que a actuación prevista non estea entre as actuacións de rehabilitación acollidas neste programa.
 - b) No caso de actuacións referidas a edificios residenciais colectivos, que non se dispoña do informe de avaliación dos edificios.
 - c) Que a actuación non se axuste ás determinacións do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, ou ao acordo específico asinado co Ministerio de Fomento.
3. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.
4. Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais da IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

12. Cualificación definitiva das actuacións

1. As persoas ou entidades promotoras das actuacións, dentro do prazo fixado na resolución de cualificación provisional, comunicarán o seu remate á Oficina de rehabilitación do Concello, que deberá proceder a realizar as seguintes comprobacións:

- a) Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas exigencias establecidas na resolución de cualificación provisional.
- b) Que para a súa execución contáronse con todas as autorizacións necesarias.
- c) Que o pagamento efectivo das facturas e os documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións foron realizados polas persoas ou as entidades beneficiarias que figurasen na resolución de cualificación provisional.

2. Logo de realizar as comprobacións sinaladas no punto anterior, a Oficina de rehabilitación elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará. A esta proposta de cualificación definitiva, que remitirán á correspondente área provincial do IGVS, deberá xuntarse unha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos establecidos no Plan estatal 2013-2016, na presente orde e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto a actuación como á persoas e entidade beneficiaria.

3. As xefaturas territoriais do IGVS, logo das comprobacións que consideren oportunas, resolverán sobre a cualificación definitiva. Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexible.

4. Serán causas de denegación da cualificación definitiva, as seguintes:

- a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.
- b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela.
- c) O incumprimento do prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.
- d) O incumprimento por parte da persoa ou entidade promotora de calquera dos requisitos previstos no Real decreto 233/2013, do 5 de abril, nesta orde e no correspondente acordo específico, para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.

5. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación definitiva será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación definitiva. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.

6. Contra a resolución que sobre a cualificación definitiva diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

13. Xustificación das actuacións e pagamento das subvencións

1. A cualificación definitiva supón a xustificación da execución das actuacións cualificadas.

2. A certificación municipal que se acompaña á proposta de cualificación definitiva constituirá a memoria económica xustificativa do custo da actividade esixida no artigo 48.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Á vista dos datos remitidos polo concello, a área provincial do IGVS correspondente formulará a xustificación da aplicación dos fondos previstos no Acordo.

3. Con carácter previo ao pagamento das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán achegar:

- a) Certificación acreditativa e expedida pola respectiva Administración de estar ao corrente dos pagos coa Axencia Estatal Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co Concello.
- b) Declaración responsable do beneficiario de que non está incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiaria sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral de subvencións.

4. O Concello aboará as correspondentes subvencións ás persoas e as entidades beneficiarias e xustificarán os pagamentos realizados, tanto respecto das subvencións estatais, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento, como das subvencións autonómicas. Estas xustificacións deberán realizarse ás correspondentes áreas provinciais do IGVS nun prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se realizasen os oportunos pagamentos.

5. O Concello procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

14. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- a) Realizar as actuacións de rehabilitación para as cales se conceden as axudas, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.
- b) Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou persoa inquilina, no suposto de que se destinen ao alugamento, por un prazo de tres anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, para o caso de recibir as axudas autonómicas.
- c) Comunicar á Oficina de rehabilitación do Concello calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Oficina de rehabilitación do Concello e/ou o IGVS considere pertinentes durante a vixencia da subvención.
- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou pola Oficina de rehabilitación do Concello ou o IGVS.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

15. Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

16. Reintegro da subvención

Ademais das previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, serán causas de reintegro as seguintes:

1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
2. A non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación substancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

17. Criterios da selección das axudas.

O Concello, en función da dispoñibilidade económica da ARRU para as axudas e do número máximo delas que se poidan conceder determinará as actuacións subvencionables.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria, será en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a selección de beneficiarios será por orde de entrada en calquera dos medios legais dispoñibles para a entrega de documentación na administración pública que conte cun rexistro de entrada con data e hora. Isto ata que conorra algún destes casos: esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria pública, acabar o número de intervencións concedidas.

Terán preferencia aquelas solicitudes que presenten de forma completa a documentación esixible.

18. Orzamento protexido

Por orzamento protexible entenderase o custo máximo da execución da actuación a executaren.

Comprenderá o orzamento xeral, e dicir, será o resultado de lle adicionar ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión por razón das actuacións. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público.

Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que contén cun orzamento protexible mínimo por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio de 1.000 €.

19. Crédito orzamentario e contía

As contías máximas das citadas achegas para actuacións en rehabilitación de vivenda e por anualidades, segundo figura no Acordo de Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2017, son as seguintes:

Área de Rexeneración e Renovación Urbana Do Núcleo de Quiroga	Achega Ministerio de Fomento	Achega da Comunidade Autónoma
ANO 2017	60.916,80 €	24.569,55 €
ANO 2018	0,00 €	0,00 €
TOTAL	60.916,80 €	24.569,55 €

Segundo Addenda de 4 de xullo de 2018 para a modificación do Acordos de Comisión Bilateral, se prorroga ata o 31 de decembro de 2019 a execución das actuacións.

20. Inspección Técnica previa e Servizos de asistencia técnica

O peticionario/a poderá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ao inicio das obras subvencionables. Asemade, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina Municipal de Rehabilitación, para comprobar o estado da edificación e asesorar ao peticionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmovble.

Realizada a visita de inspección e o informe que define previamente as obras para realizar, o particular poderá solicitar a Oficina Municipal de Rehabilitación, a colaboración para a redacción da documentación técnica precisa para a obtención de licenza de obras ou actuación comunicada eficaz.

En ningún caso esta colaboración significará asumir o encargo de redacta-los documentos técnicos citados.

Estas solicitudes de colaboración serán aceptadas, en función dos medios e recursos dispoñibles, nos seguintes casos:

- Obras menores que non requiran de proxecto técnico.
- Outras solicitudes consideradas de interese xeral.

En todo caso, tanto a redacción de documentación para a obtención de licenza ou actuación comunicada eficaz coma a dirección facultativa das obras serán realizadas por técnicos con capacitación profesional e habilitación legal abundas e axeitadas ás características das obras que se deban acometer contratados directamente polos posibles beneficiarios das subvencións.

21. Datos de carácter persoal

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Oficina Municipal de Rehabilitación do Concello de Quiroga, ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

De conformidade co disposto polo artigo 14.1.ñ) da Lei de Galicia 9/2007 de subvencións de Galicia, infórmase aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

22. Normativa de aplicación.

- O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.
- O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

- e) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- f) Lei 8/2013 de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- g) A Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013- 2016.
- h) O Acordo de Comisión Bilateral celebrado o 26 de outubro de 2017 relativo a Area de Rexeneración e renovación urbana do Núcleo urbano de Quiroga.
- i) Real Decreto 7/2015, 30 de outubro, texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana
- j) Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.
- k) Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo. En virtude da Disposición transitoria primeira, o prazo da execución das actuacións dos programas de fomento do parque público de vivenda en alugamento e de fomento da rexeneración e renovación urbanas, que se executen ao amparo do Acordo de Comisión Bilateral de Seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio de Fomento e cada Comunidade Autónoma ou Cidade de Ceuta e Melilla para a execución, incluída súa prórroga, d Plan Estatal de fomento de alugamento de vivenda, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, será ampliable ata o 31 de decembro de 2019, inicialmente establecido no Plan estatal 2013-2016 ou finalizara o prazo inicialmente acordado con anterioridade á entrada en vigor deste Real decreto.

Quiroga, a 8 de outubro de 2018.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 2842

Anuncio

Aprobadas polo pleno da corporación, na sesión de carácter ordinario celebrada o día 5 de outubro de 2018, as bases reguladoras da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva a entidades/clubs deportivos do Concello de Quiroga para o exercicio 2018, fanse públicas as mesmas así como a apertura do prazo de trinta días para presentación de solicitudes por parte das entidades/clubs deportivos do Concello de Quiroga.

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES/CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE QUIROGA. ANO 2018

PRIMEIRA. OBXECTO.

É obxecto das presentes bases regular as normas polas cales se rexerá a concesión en concorrencia competitiva de subvencións aos clubs deportivos deste concello para sufragar parte dos gastos que lles ocasione a promoción de actividades deportivas de interese municipal, fundamentalmente aquelas que apoien o deporte de base.

SEGUNDA. IMPORTE DAS SUBVENCÍONS.

A contía global das subvencións será acordada anualmente pola Xunta de Goberno con cargo ao crédito da partida 340.480.00 do Orzamento municipal neste ano 2018, e non poderá superar a contía global de 6.000,00 €. Este importe será repartido entre os clubs solicitantes segundo os criterios que se establecen na base sexta, sen que a concesión implique para o beneficiario dereito ningún en anos posteriores.

TERCEIRA. BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar estas axudas, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que sexan asociacións ou entidades deportivas validamente constituídas sen ánimo de lucro e teñan o seu domicilio social no concello de Quiroga.
- b) Que as asociacións ou entidades deportivas realicen actividades de interese municipal e certifiquen un mínimo de 10 deportistas federados.
- c) Que as asociacións ou entidades deportivas se atopen debidamente inscritas no Rexistro da Xunta de Clubs Deportivos.
- e) Que os clubs lles permitan o desenvolvemento da súa actividade aos fillos/as de socios/as e non socios/as.
- f) Que desenvolvan a súa actividade, como mínimo, 10 meses ao ano, con horarios de adestramentos fixos e semanais.

g) Que participen en competición federada (podendo ser unha federación oficial ou asociación independente que exerza estas funcións por carecer esta disciplina deportiva de federación oficial), sendo obrigatorio participar, como mínimo, no 50% dos eventos deportivos federados que oferte a federación (ou asociación) en cuestión.

CUARTA. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

1.º O procedemento de concesión individual das subvencións iníciase coa solicitude previa do club interesado, acompañada da documentación complementaria correspondente, no Rexistro Municipal.

2.º O prazo para a presentación de solicitudes será de 30 días hábiles desde a publicación no BOP destas bases.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR POLOS CLUBS SOLICITANTES.

Xunto coa solicitude, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

1. Documentación xustificativa dos requisitos de carácter xeral:

a) Certificación da federación correspondente en que conste que o club solicitante se atopa na actualidade de alta con actividade propia.

b) Declaración do presidente/a do club de estar ao corrente e sen débedas na Axencia Tributaria, nacional e galega, e na Seguridade Social.

2. Documentación xustificativa para avaliar e ponderar a contía da subvención:

a) Certificación da federación correspondente onde conste o número de fichas federativas expedidas na tempada xa rematada para os deportes de ano natural.

b) Certificación federativa en que conste a categoría en que militaron os distintos equipos da entidade durante a tempada xa rematada para os deportes de ano natural (tempada de xaneiro a decembro) e da tempada actual para deportes con ligas parecidas ao calendario escolar (tempada de agosto a xuño).

c) Memoria deportiva asinada polo presidente do club onde se describirán as actividades realizadas e as competicións en que se participou na tempada anterior, o número de deportistas participantes, cantidade de socios, así como os resultados xerais, títulos e clasificacións obtidas.

d) Memoria económica, asinada polo presidente, onde se detallen os gastos e ingresos anuais da tempada anterior clasificados por actividades, incluídas as cotas que se cobren aos deportistas. Non se admiten como gastos a lotería, o pago a xogadores e adestradores de categoría sénior.

e) Os eventos que son subvencionados polo Concello non poden aparecer no orzamento.

A comisión de valoración poderá solicitar cantos informes estime necesarios para resolver. Polo que o Concello terá dereito a solicitar, se o ve conveniente, a totalidade dos gastos presentados mediante facturas.

f) Outros datos de interese que poidan dar fe das actividades dos clubs.

g) Declaración responsable doutras axudas .

Os clubs que incorran en falsidade de datos poderán perder o total da subvención. Estes datos serán contrastados coas federacións e poderán ser supervisados a través das actas de competición para constatar que realmente as fichas presentadas son reais e non estean só para completar equipos.

SEXTA. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A Xunta de Goberno Local, con base na documentación achegada polos clubs, acordará o reparto das subvencións no presente ano, segundo as normas que se detallan a continuación.

O reparto de puntos para os deportes de pelota realizarase atendendo ao número de equipos federados segundo categoría e ao número de fichas federadas dentro de cada categoría. Para o resto dos deportes

Normas para a puntuación e cálculo das subvencións:

1. Deportes de pelota

1.1.-Os deportes de pelota puntúanse segundo a súa categoría e zona onde compitan consonte o baremo seguinte:

	ZONAL			PROVINCIAL			AUTONÓMICO		
CATEGORÍA	De 3 a 9	De 10 a 15	+ De 15	De 3 a 9	De 10 a 15	+ De 15	De 3 a 9	De 10 a 15	+ De 15
XUVENIL	10	14	18	12	16	20	14	18	22
SENIOR	8	12	16	10	14	18	12	16	20

1.2.-As fichas puntuáanse segundo a categoría e a zona onde compitan:

COMPETICIÓN CATEGORÍA EQUIPO	ZONAL	PROVINCIAL	AUTONÓMICO
CADETE	0,8	1	1,2
XUVENIL	0,8	1	1,2
SÉNIOR	0,6	0,7	0,8

1.3.-Os adestradores titulados con licenza en vigor expedida pola federación correspondente valoraranse seguindo a táboa, puntuándose só a titulación máis alta de cada adestrador:

CATEGORIA	PUNTUACIÓN
Monitor	1
Adestrador nivel I, II, rexional, territorial ou provincial, técnico deportivo en actividade física	2
Adestrador nacional	3
Licenciado/Graduado en Ciencias da Actividade Física e Deporte	3

* Hai federacións deportivas onde non se convocan cursos de formación de monitores nin adestradores desde hai moitos anos, polo que lles imposibilita a estes clubs teren adestradores formados. A estes clubs poderáselles recoñecer a súa experiencia e valoralos como monitores só ata o momento en que a federación correspondente convoque un curso oficial.

2.- Outras Entidades Deportivas

Os deportes diferentes dos de pelota, térase en conta os seguintes criterios:

2.1.- Ambito de competición do club

Zonal:0,8

Provincial:1,00

Autonómico:1,2.

2.2.- Número de fichas federadas

Ata 31 puntos.

O importe destinado a esta subvención repartirase, proporcionalmente, segundo os puntos obtidos por cada club.

A Xunta de Goberno Local acordará o reparto das subvencións que regulan estas bases, atendendo aos criterios expostos.

SÉTIMA. PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

As cantidades subvencionadas pagaranse atendendo ás previsións da Tesourería municipal..

OITAVA. XUSTIFICACIÓN DAS CANTIDADES SUBVENCIONADAS

A. O importe da subvención anual deberá xustificarse antes do 31 de decembro.

B. A xustificación dos gastos realizarase mediante a achega da conta xustificativa xunto cos seguintes documentos:

1. Facturas oficiais (orixinais ou copias autenticadas) e que cumpran os requisitos legais, expedidas a nome do club, onde conste a subministración ou servizo prestado polo proveedor. Deben ter relación directa coas actividades subvencionadas.

2. Nóminas de salarios e TC1 e TC2 da Seguridade Social do persoal contratado polo club (adestradores de base).

3. Recibos onde consten as cotas pagadas por fichas, arbitraxes ou taxas, acompañados da correspondente certificación da federación da dita disciplina deportiva.

4. En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificadas, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que consideren gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Para importes superiores a 1.000,00 euros deberá achegarse unha copia de transferencia bancaria.

Non se admitirán xustificantes que non teñan relación clara e directa cos gastos derivados das actividades que se subvencionan nin cos criterios polos cales se avaliaron nin que a súa data sexa de exercicio diferente ao da concesión.

C. Declaración xurada do presidente do club onde conste que o total da subvención outorgada polo Concello sumada ás subvencións obtidas doutras administracións públicas non superou o importe total dos gastos. En caso de que fose superior, diminuírase a achega municipal.

D. O importe xustificado deberá ser pola totalidade da subvención concedida. A falta de xustificación dentro do prazo establecido dará lugar á perda da subvención, se aínda non estivese pagada, e ao reintegro do cobrado, se fose o caso, de cantidades adiantadas.

Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo club, este non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de constrinximento que correspondan.

Para todo o non previsto nestas bases estarase á normativa xeral:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quiroga, 8 de outubro de 2018.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 2843

Anuncio

Modificación orzamentaria.

O Pleno do Concello, na sesión de carácter ordinario, celebrada o día 5 de outubro de 2018 aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 2/2018, mediante transferencia de Crédito.

Polo tanto, expónse ao público nas oficinas de Intervención deste Concello durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da presente publicación.

Durante este prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que teñan por convenientes ante o Pleno da Corporación. De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación considerarase definitivamente aprobada, entrando en vigor unha vez publicado o resumo por capítulos resultante; isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

En Quiroga, a 8 de outubro de 2018.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 2844

VIVEIRO

Anuncio

Aprobación dos padróns fiscais de Auga e canon de Saneamento, rede de sumidoiros e Taxa de Recollida de Lixo (3º trimestre do exercicio 2018) e anuncios de cobranza.

Con data de 01 de outubro de 2018 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

<u>Tributo</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Auga potable	3º Trimestre de 2018	182.855,94 €
Conservación de contadores	3º Trimestre de 2018	5.590,26 €
Rede de sumidoiros	3º Trimestre de 2018	36.086,03 €
Depuración de augas residuais	3º Trimestre de 2018	106.396,80 €
Recollida de lixos	3º Trimestre de 2018	303.408,34 €
Canon auga (Xunta)	3º Trimestre de 2018	102.760,36 €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- 1) O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **03 de outubro de 2018 ao 03 de decembro de 2018**, ambos inclusive.
- 2) Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de VíaQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.
- 3) Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciárase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 3 de outubro de 2018.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2845

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 1 OURENSE

Anuncio

D/D^a M^a ELSA MENDEZ DIAZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 001 DE OURENSE.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/D^a MUTUAL MIDAT CYCLOPS contra TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL TGSS, NELSON JOSE CARDOSO COSTA , PARQUES Y MOBILIARIO URBANO DE GALICIA SL , INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL INSS , en reclamación por SEGURIDAD SOCIAL, registrado con el nº SEGURIDAD SOCIAL 0000650 /2018 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar** a PARQUES Y MOBILIARIO URBANO DE GALICIA SL, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 17/12/2018 a las 09:50 horas, en PBaixa - Sala 2 - Ed. rúa Velazquez, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

Y para que sirva de citación a **PARQUES Y MOBILIARIO URBANO DE GALICIA SL**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En OURENSE, a tres de octubre de dos mil dieciocho.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2847